




# Ondas de ilusións

- escolas do mar -

## Estación de Bioloxía Mariña da Graña



### Visita escolar primaria (8-11 anos)

Coñece un centro de investigación no que os científicos estudan o medio mariño e os seus habitantes.

A Estación de Bioloxía Mariña da Graña (EBMG) é un centro de investigación da Universidade de Santiago de Compostela. A EBMG é punteiro en estudos científicos relacionados co medio mariño, sobre todo relacionados coa fauna e a flora mariñas de Galicia.


Na EBMG realízanse traballos dirixidos a entender o impacto ambiental. É dicir, o efecto que ten a contaminación e a construción de estruturas artificiais creadas por os humanos (ex. diques) nos comportamentos das diferentes especies de fauna e flora mariña. Así como o efecto do cambio climático no entorno litoral: nos moluscos, os poliquetos, crustáceos e equinodermos.

As instalacións da EBMG contan con laboratorios de investigación con acuarios de auga de mar e equipamento científico. Ademais de biblioteca, sala de ordenadores e aulas para o traballo levado a cabo na estación. Máis tamén conta con material de mergullo e embarcacións para as actividades de mergullo no mar e para a toma de mostras desde a superficie (dragas, mangas de plancto, etc).

O traballo científico realizado polo biólogos mariños da EBMG é vital para comprender os mares e os seus habitantes. Desta forma podemos protexer a biodiversidade de nosas costas coidando os ecosistemas mariños, os recursos pesqueros, o alimento, etc.

# Estación de Biología Mariña da Graña

1.- Indica a que grupo pertence cada un dos seguintes animais: estrela de mar, mincha, centola, pepino do mar, miñoca, polbo, nécora, percebe, calamar, ameixa, ourizo de mar.



Crustáceos	Poliquetos	Molucos	Equinodermos



A labor dos científicos é moi importante para entender o medio mariño e os organismos que alí viven. Estudan tamén os impactos de orixe humano como por exemplo os efectos do cambio climático e a contaminación mariña. A súa labor é necesaria para conservar estes ecosistemas.



2.- Nomea tres impactos de orixe humano que contaminan ou danan os animais mariños da ría de Ferrol:

3.- Qué nome recibe o animal do debuxo? Indica as diferentes partes da súa anatomía: branquias, pe, rinóforos e manto

